

TRABALLO DE HISTORIA ORAL

JUAN GONZÁLEZ GAMALLO

Rocío López Campos.

Nome: Juan González Gamallo.

Idade: 91 anos.

Lugar de nacemento: Lamela (Silleda)

Data de nacemento: 30/outubro/1915.

Relación: Tío abó

Juan González Gamallo é o meu tío avó. Natural de Lamela (Silleda). Naceu o trinta de outubro do ano 1915. Fillo de labradores ,é o segundo de doce irmáns.

Na entrevista o meu tío contoume “de neno pequeno estiven servindo nunha casa de agricultores en San Mamed, parroquia do municipio da Estrada. De mozo estiven de criado na casa do cura de Moalde, parroquia de Silleda, onde comenzei a saír cunha veciña doutro lugar e casei con ela. Dende ese momento dediqueime a agricultura.

En Xullo de 1936 atópabame facendo o servizo militar en Ferrol no destacamento de Infantería . Polo vinte e tantos de xullo fomos trasladados a Lugo, desde alí emprendemos a pé grandes camiñatas (as veces camiñabamos tarde e noite) polos montes de Lugo, cara á Asturias .Esta columna na que eramos todos galegos íamos baixo as ordenanzas do Comandante Ceano.

A finais de xullo chegamos a un poblado chamado Castropol , facíamos grandes camiñatas , as veces todo o día permanecíamos nun sitio alto e despois avanzabamos toda a noite . Desde este pobo seguimos avanzando e cruzamos un río ,o río Eo , e nos primeiros de Agosto entramos nunha localidade chamada Navia .

Nestes primeiros días de guerra tiñamos alimento suficiente e aínda que camiñabamos horas e horas, o cansancio non chegaba a nós.

A primeiros de agosto de 1936, o noso batallón enfrentouse a un combate duro en Villapedre, pero gañamos e seguimos avanzando, fomos collendo posicións

en Trevías, e a mediados do mes de agosto chegamos a unha zona moi montañosa, alta, Leitariegos, e ocupamos ese porto de montaña.

Logo baixamos e intentamos entrar en Cangas de Narcea e conseguímo-lo. Cando facíamos as camiñatas para poder seguir avanzando pois veíamos as vacas pacendo e as aldeas lexos. A finais de agosto de 1936 chegamos a Tineo .

Cada día unhas cantos soldados íamos diante para explorar o camiño e ver como estaba a situación , entón dicíamolle ó resto do batallón, si podíamos avanzar, moitos veces tiñamos que esperar.

A primeiros de setembro, vemos, como hai un intenso bombardeo aéreo, os avións de guerra facían que o ceo parecese gris, en vez de azul (era a aviación do inimigo). A mediados deste mes entramos nunha poboación chamada, Grado. Aquí íamos a ordes do comandante Martín Alonso. Día a día, intentabamos avanzar máis. Os combates eran durísimos e a fame e os piochos, empezaban a facer mella en nós. Sempre camiñábamos por zonas altas.

Non me acordo ben en que sitio de Asturias foi, que tiñamos que cruzar un río pero poucos km antes atópamos un rebaño de ovellas que escaparon diante de nós e cando as ovellas cruzaron a ponte, ésta voou polos aires, moita sorte tivemos porque esta ponte estaba preparada para nós.

A principios de outubro o noso batallón recibiu reforzos e intentamos avanzar cara á Oviedo. As noites facíanse moi longas, xa que andábamos ata o día e durmíamos vestidos.

Eu non fun dirixido hacia Oviedo senon que fomos reforzar o Porto de Avilés. Do que me acordo é que , despois de moitos combates, de pronto , atopeime nun porto, con moitos barcos, e víñ por primeira vez na miña vida o mar, eu nunca o vira, unha serie de soldados quedamos alí facendo guardia, algúns dos meus compañeiros foron revisar os barcos que os roxos había

abandonados , e mentras eu me atopaba só, apareceron uns cantos soldados roxos, adaban perdidos, estaban desarmados, eles non se meteron connigo, e eu deixeiños marchar, o que quería era algo de paz, despois de tantos bombardeos, desastre, homes mal feridos, miseria, fame, piollos...

Estiven loitando en zonas de Asturias ata o outono de 1937, que o noso batallón foi trasladado a Guadarrama, o parecer íamos para intentar axudar a Madrid, pero non foi así, non fomos para Madrid, estivemos naquela serra ata que fomos trasladados a Teruel.

Estando unha noite de garda na Serra de Guadarrama, o inimigo disparou varias veces, e tras ver que eu non lle respondía berroume: *Galleguito iremos llegando a Galicia pasito a paso*. Eu tiña prohibido falar, mais nesa ocasión dixenlle: No lo verán tus ojos, e él botoume un tiro, e ahí quedou a cousa.

Chegamos os montes de Teruel, unha vez chegado alí tiven medo, moito medo. En Teruel os ataques eran moi duros, e os que quedamos con vida, retrocedemos, eu foi no único sitio que retrocedín, nunca ata ese momento retrocedera. O retroceder atopámonos con moitos moros que nos viñan axudar. A fame era tanta que eu fun comer as fragullas de pan que eles deixaran no chan.

Chegado este punto, os soldados estabamos moi cansos e cheos de fame, levabamos moitas noites sin sacar a roupa de encima, había moitas pulgas e piollos, sobretodo piollos , porque as pulgas comíanas os propios piollos, había tantos que parecía que os votaba a terra. Facía moito frío.

Os poucos días de chegar alí, unha mañá eu movendo unhas pedras atopei escondidas “ as estrelas” dos Alfereces e dos Tenientes, que as quitaban porque si os collían prisioneros querían que o inimigo pensaran que eran soldados.

Acordome que estando na estación de Decella (Teruel), metínme debaixo do tren na estación, con medo, (escondendome da aviación e das balas do

inimigo). Houbo momentos que o Mando tivo que poñer soldados dos nosos para frear a outros soldados do noso bando que viñan escapando.

Nos arredores de Teruel os ataques eran durísimos, estabamos as ordes do Coronel Ceano (caeo morto alí), estaba nunha caseta donde estaban os Altos Mandos. Rompéronse as comunicacións por teléfono, entón o alto mando non recibía ordes de operar a artillería e nós tirabamos se no seu apoio. E o inimigo si que tiña artillería e 6 aparatos de aviación. Tivemos un ataque donde nos venceron. Foi tal a derrota que ata o soldado que quedou gardando nas mantas, chegoulle unha bomba do inimigo e as mantas voaron.

Diríamonos dirección a Campillo cerca de Teruel, era o mes de decembro, e en Campillo entramos en Xaneiro.

Os Mandos tiñan un día posto para entrar en Teruel. Había cen baterías, cada batería tiña catro cañons. Tirabamos da mañá a noite cara a Teruel e Teruel non se rendía. Veo aviación nosa para axudarnos a entrar en Teruel, os días en Teruel nublábanse con tanta aviación. Xa se comenzara un gran ataque cando empezou a caer neve, moita neve e parouse. Íamos andando e non víamos os buratos.

En Campillo durmín debaixo dunhas tellas, pois os ataques pararonse durante o mes de xaneiro pola neve.

En eses días a nosa escuadra captáronlle catorce presos, seguimos avanzando e alí atopei o Sargento Senín de Orazo. Seguimos intentando avanzar e a mín ese día tocábame ir con seis compañeiros máis adiante, vendo como estaba a situación e vin vir o inimigo polo costado esquerdo, xa non tiñamos capitán, avisei o Alférez, era un Alférez ourensá, marchamos monte abaixo e cando chegamos o fondo deime conta que estabamos nunha zona de moito perigo, o Alférez díxome: Juan envaina que vamos dar o asalto, xa non recordo máis, pois nese momento resultei ferido, pegaronme un tiro na perna por arriba da rodilla e o Alférez na fronte. Unha vez morto cachearon e

levaronlle trece mil pesetas, así quedamos alí, eu malferido e él morto. (Eran as dúas da tarde do 25 de maio de 1938). Na posición de Santa Lucía de Teruel.

Máis tarde chegou un soldado do bando republicano con un revolver, cacheando nos mortos, cando vin que viña hacia mín pensei (bueno ahora acabame de matar), pero apunteino ben apuntado e dixenlle: Alto, “ aquí la fuerza de Franco, si usted respeta a miña vida eu respeto a súa”. Díxome que non me tiraba e non me tirou . Despois dixenlle: agora vostede chega a xunto dos seus compañeiros e dille donde estou e matanme aquí, e prometeume que non, e así o cumpriu.

Estiven alí ferido ata noite, xa que os camilleiros non podían chegar ata a posición donde estabamos, xa que estabamos rodeados de inimigo. Fixenlle dos torniquetes a perna para non me desangrar.

De noite levaronme, o Sargento Senín, mandou a catro camilleiros por mín, pero eles eran da cuarta compañía e eu era da terceira, a mín no me recollían porque buscaban a un ferido da cuarta compañía. Eu expliqueille que o sargento Senín era veciño meu e mandaba vir por mín.

Cando me levaron os camilleiros, monte a través, a perna comi iha rota , movíase e doblábase e dabame moita dor. Toda a zona esta chea de neve. O chegar o posto de socorro o Comandante díxome , que si me daban quince días de convalecencia que botara algún día máis e que logo me incorporara donde estivese o batallón, que non me íha pasar nada.

Alí firmei a baixa e despois para chegar a carretera anduveron toda a noite conmigo, eu ía desnudo, cando cheguei o seguinte posto de Socorro, xa logo era día e deronme un café quente que me dou a vida. Subironme nunha ambulancia e por unha carretera chea de buratos levaronme a un hospital que estaba cerca de Teruel. O chegar alí colleume un mozo forte e podía el só conmigo, alí esperei a que me operaran, puxeronme ben a perna con unhas alambres, estiven alí dos días, e tiña un compañeiro con unha perna amputada, (a mín parecíame) Casiano de Caramés de Cervaña, e un día pregunteillo e sí

que era. Eu non entendía as persoas que me coidaban, e elas non me entendían a mín, pois falaban en castelán...Dende alí trasladaronme a Zaragoza o hospital da Costa número 3, alí volveronme a operar, tardaron cinco días en operarme, unha vez operado, trasladaronme a Plasencia (Cáceres), (Extremadura). Era un hospital moi pobre, tiña os depositos da auga enriba do tellado e auga estaba como caldo, pasados unhos días, un enfermeiro que traballaba alí traíame auga fresca da súa casa. A un cabo que había alí, pedínlle moito que me mandara para Santiago, pero non podía, xa que estaba moi mal. Estiven naquel hospital sete meses, tiveronme que operara novamente, operaronme o trece de xuño, puxeronme 12 Kgs. de peso, tirandome da perna. Despois volveronme a romper a perna pois o pé doblabase e poñíase a nivel da media perna.

Unha tarde deciden operarme de novo, esperei moito tempo na anti-sala de quirófano, pois pasaban todos e a mín no me metían na sala de operacións, logo chegou o capitán e por fin deitaronme na mesa de operacións e colleume a perna e meteulle a rodilla e rompeuma (dixeronme que lle pegara o capitán unha patada e que tirara con él).

Despois de estar alí moitos meses fixen unha petición por medio dun falangista para vir para Santiago e os tres ou catro días reclamaronme para Santiago. (A guerra xa chegara o seu fin).

Estiven en Santiago con rehabilitación, masajes. Deronme a alta e paseu un reconecemento médico- militar que me dou como mutilado de Guerra”,

O meu tío-avó ten 91 anos e a pesar de que está moi ben ,agora sae menos da casa xa que cada día que pasa está máis deteriorado fisicamente.Pero eso non fai deixa dir a feira de Bandeira (cada 14 e 29 de cada mes). O que máis lle gusta é andar co seu neto Juancito no coche de paseo.Non deixa de ir a ningunha das celebracións que hai na igrexa .Ten un bisneto que se chama Iván,e cada vez que o vai visitar Iván non marcha de alí sen ir co seu bisavó ver toda a facenda. Decir que Juan vive co seu fillo , coa súa nora e co seu neto Juancito,na casa que fixeron él e maila súa muller hai uns anos.

Desgraciadamente a súa muller María xa hai uns 14 anos que faleceu.
Esperemos que o tío Juan nos poida seguir contando as súas vivencias
moitos anos máis.